



Resultados das probas disputadas na XII Festa da Caza de Lugo

O pasado día 1 de xuño tiña lugar en Portomarín unha nova edición da Festa da Caza de Lugo, organizada pola Federación Galega de Caza en Lugo en colaboración coa Asociación Lucense de Caza, que contaba entre as súas actividades con varios Campionatos Provinciais: Rastro de Xabaril, San Huberto, Cans de Parada e Percorridos de Caza.

En Rastro de Xabaril, gañaba a proba Luis Otero Alonso con seu can "Brus", e proclamábase tamén Campión Provincial, quedando a clasificación do seguinte xeito:

Pos.	Monteiro	Can
1º	Luis Otero Alonso	Brus
2º	Pedro Ramos Casás	Falco
3º	José Quintela García	Tobi
4º	Luis Pérez Santos	Meiga
5º	Luis M. Fernández Soto	Yaki

En San Huberto, o gañador da proba libre foi Juan M. Lorenzo, seguido de Pedro R. Sanjurjo e Roberto Dopico Dopico. No campionato provincial o gañador foi Juan Carlos Arteche Castillo; subcampión René Vale García e terceiro clasificado foi Andrés Pena Vázquez. A clasificación provincial quedou así:

Pos.	Participante
1º	Juan Carlos Arteche Castillo
2º	René Vale García
3º	Andrés Pena Vázquez
4º	José Ignacio Pérez Pérez
5º	Ana Isabel Arbiol Ledesma



Na modalidade de Cans de Parada, proclamábase gañador do Trofeo Cidade de Lugo de Caza Práctica Pedro Varela Abeledo, co seu P.M. "Stone de Ruinar"; segundo remataba Luis Méndez Tesouro co S.I.M. "Kim do Estrume"; terceiro clasificado era José Sanmartín Pérez, co P.H. "Ja da Chousa".

Pos.	Monteiro	Can
1º	Pedro Varela Abeledo	Stone de Ruinar (P.M.)
2º	Luis Méndez Tesouro	Kim do Estrume (S.I.M.)
3º	José Sanmartín Pérez	Ja da Chousa (P.H.)
4º	Juan Fraguela	Pirata (S.I.M.)
5º	José Luis Diaz	Virbo (S.I.M.)

Finalmente, na proba de Percorridos de Caza, gañaba Antonio Iglesias Otero, seguido de Diego Antelo Noya e Jorge Vázquez Iglesias. O primeiro lucense na clasificación foi Artemio Formoso Barro, e polo tanto proclamábase Campión Provincial. A campiona en donas era Belina García Curás; en veteranos gañaba José Costas Iglesias; en superveteranos vencía José Antonio García González. Os cinco primeiros clasificados absolutos da proba eran:

Pos.	Participante
1º	Antonio Iglesias Otero
2º	Diego Antelo Noya
3º	Jorge Vázquez Iglesias
4º	Artemio Formoso Barro
5º	Mario González Yáñez

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com